

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000036.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **15 de setembro de 2021, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENCIAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE ALPENDRE E OBRAS DE FINALIZACIÓN E ACABADO NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE CIMA DE VILA+TABERNAS+ TOIRIZ, NÚMERO 9, PARROQUIA DE SANTIAGO DE PIÚGOS (Expte.: 2020/Y001/000228).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CAMBIO DE USO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA PARA 1 VIVENDA E GARAXE PRIVADO EN EDIFICIO EXISTENTE NA RÚA SANTIAGO, NUMERO 128, BAIXO ESQUERDA. (Expte.: 2021/Y001/000101).

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS.**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS URBANAS. EXP. 2020/C003/000010. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 19/9/2021 ATA O 18/9/2022.
4. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDÓY” DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES. EXPTE. REF. 2021/C003/000021. DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO POR ERRO NA CONFECCIÓN DO ESTUDO DE CUSTOS.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSIÇÕES**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

***Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,***

DILIXENCIA.- Esténdoa para facer constar que o presente decreto xa fora asinado manualmente, por problemas informáticos, con anterioridade á celebración da sesión desta Xunta de Goberno Local, e agora se sube ao programa de Tecol, para que éste lle asigne número.